



DÍA NACIONAL DO DANO CEREBRAL ADQUIRIDO, 26 DE OUTUBRO DE 2023

**O VALOR DO QUE NON SE VE. AS SECUELAS INVISIBLES
DO DANO CEREBRAL ADQUIRIDO**

Que valor ten poder orientarse para entrar nunha sala de cine e ver unha película? Canto vale entender un panel cos horarios do transporte público?

Cada 26 de outubro, a Federación Española de Dano Cerebral e o seu movemento asociativo xuntámonos para visibilizar as consecuencias do dano cerebral adquirido.

O DCA é unha lesión súbita no cerebro. Pode ser provocada por un ictus, un traumatismo craneoencefálico, un tumor cerebral, unha anoxia ou unha infección.

Mais o dano cerebral adquirido vai máis aló das súas causas. O cerebro encárgase dos movementos voluntarios, como camiñar ou estender un brazo; e procesa a información que recibe a través dos sentidos. Tamén controla outras funcións que non se ven, como a respiración, a dixestión, a fala, a memoria ou o control das emocións e da conduta.

Unha lesión no cerebro pode alterar a súa capacidade para desenvolver estas funcións. Estas alteracións, que a miúdo non se ven a simple vista, están presentes en todas as esferas da vida: as relacións con outras persoas, o traballo, o ocio ou os estudos. Accións como mercar unha entrada e ir ao cine ou a un museo, facer a compra no supermercado, viaxar en transporte público ou acudir ao centro de saúde poden converterse en grandes retos para as persoas con dano cerebral adquirido.

A toma de conciencia sobre as barreiras que atopan as persoas do colectivo e o conxunto das persoas con discapacidade trouxo avances na atención, a capacidade xurídica e a accesibilidade. Porén, **aquilo que non se ve, non recibe a adecuada rehabilitación e dificulta a inclusión e o apoio ás familias.**

Desde a Federación Española de Dano Cerebral, que representa ao movemento asociativo de persoas con dano cerebral adquirido e as súas familias no exercicio dos seus dereitos de cidadanía e a súa plena inclusión na comunidade, **reclamamos:**

- Que se impulse unha **Estratexia Nacional de Atención ao dano cerebral adquirido** que garanta unha atención coordinada, integral e multidisciplinar a cada persoa con dano cerebral, independentemente da súa situación socioeconómica e do seu lugar de residencia, e que teña en conta todas as secuelas que afectan á súa vida, incluíndo aquelas que non se ven.
- Que se elabore un **censo completo do número de persoas con dano cerebral adquirido** en España.
- Que se cree a **categoría diagnóstica “dano cerebral adquirido”**, aplicable no momento da alta hospitalaria.
- Que se inclúa á **familia como parte beneficiaria** do proceso de atención, e non só como parte colaboradora.
- Que nos plans de atención sociosanitaria se teñan en conta as **necesidades específicas das persoas con dano cerebral con maior vulnerabilidade**, como son as persoas con dano cerebral severo, os menores con dano cerebral e as persoas con alteracións graves da conduta; así como das súas familias.

Este 26 de outubro, **Día Nacional do Dano Cerebral Adquirido**, queremos facer visible **todo o que non se ve**.

“Unha vida salvada merece ser vivida con dignidade”.